

MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE
LINGUA e LITERATURA CASTELÁ
CURSO 2022/2023

Xefa do departamento: Eva María Couce Coba (Lingua Castelá e Literatura de 4ºA e 4º B de ESO e Ámbito Sociolingüístico de 3ºC de PDC)

Zaida Patiño Palleiro (Lingua Castelá e Literatura de 3º A, 3º B, reforzo de 2º e Latín de 4º de ESO)

Zeltia Rodríguez Rodríguez (Lingua Castelá e Literatura de 1º A e B, e de 2ºA, B e C de ESO)

1.- Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razón da programación non impartida:

Comenzaremos esta memoria expoñendo que neste curso as porcentaxes finais de cumprimento da programación foron as seguintes:

1º ESO: 60 %

2º ESO: 70 %

3º ESO: 50%

3º ESO C (PDC): 33 %

4º ESO: 33 %

LATÍN: 90%

Non conseguimos acadar o 100 % no cumprimento da programación en todos os cursos despois dos cambios introducidos na programación que fixemos ao longo do ano. Isto foi debido como sempre e basicamente a retrasos que produciu o traballo do apartado de ortografía e expresión da materia en 1º e 2º de ESO e a impartición no segundo ciclo da parte de Sintaxe xa que costa moito traballo que a entendan todos os alumnos, sobre todo en 4º de ESO. Tamén en 3º e 4º levou moito tempo explicar os distintos movementos literarios cos seus correspondentes textos. Era a primeira vez que os alumnos se enfrentaban a exercicios de preguntas que preparaban para un comentario de texto literario. En 3º de ESO C de PDC impartíuse pouca materia polos problemas de aprendizaxe dos alumnos e a necesidade de dar os contidos con lentitude para que os consoliden. Neste curso había que repetir contidos frecuentemente ou dalos desde diferentes perspectivas.

Ademáis houbo moitos días que se perderon por mor dalgunhas actividades extraescolares (excursións e conmemoracións de festividades). Tamén pode sinalarse que decidíramos noutros anos no departamento que levasen os alumnos menos conceptos pero mellor asentados.

Na 1ª avaliación as porcentaxes foron:

1º ESO: 60 %.

2º ESO: 60 %.

3º ESO: 60 %.

3º ESO C (PDC): 33%

4º ESO: 33 %.

Houbo un certo retraso en todos os cursos. No primeiro ciclo houbo que pararse na ortografía e na expresión para melloralas. Para os alumnos de 4º xa quedaba esquencida a Sintaxe que se viu en 3º e houbo que comezar de novo. Ademais en 4º houbo que explicar o Renacemento., Barroco e Neoclasicismo literario que quedara sen dar no curso anterior. En 3º observouse unha diferenza notable nos resultados entre os dous grupos. En 3º A houbo que pararse na Literatura que daban por primeira vez e ensinarlles aspectos xerais de Literatura como análise métrico ou estilístico de fragmentos literarios, reducindo a materia e ofrecendo apoios a través de resúmenes, esquemas ou vídeos. Ademais, houbo que facer un repaso profundo da gramática de segundo (clases de palabras, verbos...), pois presentaban moitas dúbidas. En 3ºB repasáronse as clases de palabras e a Sintaxe tamén, aínda que presentaban moitas menos dúbidas que o outro grupo. En 3ºC houbo que insistir na ortografía e na adquisición de vocabulario no que presentaban moitas dificultades os alumnos.

Na 2ª avaliación as porcentaxes foron:

1º ESO: 60 %.

2º ESO: 60 %.

3º ESO: 60 %.

4º ESO : 33 %.

3º ESO C (PDC): 33 %

Nesta avaliación no 1º ciclo houbo un certo retraso pola necesidade de repasar algúns conceptos, xa que a situación do ano pasado fixo que moitos contidos quedasen sen fixar. Houbo retraso en 4º debido á dificultade da materia (sobre todo nos comentarios literarios e na ensinanza dos diferentes tipos de grupos oracionais) e o retraso acumulado na 1ª Avaliación. Houbo que ralentizar o ritmo de impartición da materia en 4º para pararse a explicar con máis calma os comentarios literarios. En 3º houbo un retraso na impartición da materia, posto que o alumnado tiña moitas dificultades no estudo da literatura e nos comentarios sobre textos literarios. En 3ºC houbo maior atraso ao terse que seguir parando en cuestións ortográficas e ao aumentar a dificultade nos aspectos teóricos e prácticos da materia.

Na 3ª avaliación as porcentaxes foron con respecto á programación total:

1º ESO: 60 %.

2º ESO: 70 %.

3º ESO: 60 %.

4º ESO: 33 %.

3º ESO C (PDC): 33%.

Quedaron tres temas por dar de literatura en 3º (etapa do Barroco) e non se puido profundizar na análise de textos argumentativos. Nesta terceira avaliación contamos con moi poucas clases para impartir a materia restante e o alumnado precisaba de moito tempo por cada novo concepto introducido sobre literatura e sintaxe. Por iso, simplificamos o estudio sintáctico, para que se centrasen nos aspectos clave que teñen que ter claros de cara ao curso seguinte.

Consideramos que precisan traballar aínda máis a comprensión lectora e a expresión escrita, posto que presentan aínda moitas carencias

Quedaron cinco temas de literatura en 4º e non se deu toda a Sintaxe. Decimos que quedaron por examinar aínda que si se impartiron certos aspectos dos temas na clase pero non con moita profundidade. En 1º ciclo houbo que pararse nos temas da avaliación máis tempo e repasar, mentras que en 3ºC (PDC) foi imposible avanzar máis.

Para outro ano hai que dar con maior celeridade a materia en 4º de ESO para que non queden tantos temas por dar.

Consideramos que os obxectivos da materia conseguíronse na súa maior parte, pero seguimos sentindo como o ano pasado non poder acadar mellores resultados en ortografía e expresión, os dous cabalos de batalla da materia. Pero traballamos insistentemente os seguintes obxectivos:

- Comprender e elaborar diferentes tipos de textos respectando a súa estrutura e características propias, así como as normas ortográficas, gramaticais e léxicas.
- Recoñecer os diferentes tipos de unidades lingüísticas e clases de palabras.
- Valorar as obras literarias como un produto cultural e de ocio importante.
- Inicio ao comentario de texto literario.
- Comprender as funcións sintácticas para realizar análises deste tipo.

2.- Accións realizadas e modificación introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica:

Unha vez máis hai que volver a resaltar que na 1ª e 2ª avaliación, máis que modificacións, houbo unha ralentización da ensinanza da materia e unha escolla de contidos e obxectivos para facer máis fincapé nalgúns.

En 1º ciclo de ESO traballouse, como o ano pasado, máis especificamente a parte de Expresión escrita e oral, Gramática, Semántica, e Ortografía polas dificultades que presentaban os alumnos. .

En 4º de ESO houbo que facer modificacións na temporalización da programación porque se cumpriu dun xeito similar ao ano pasado, tardábase tamén en obter os obxectivos. Isto debeuse a que había un grupo de alumnos que precisaban afianzar os coñecementos previos que recordaban con dificultade. Atopáronse moitos problemas de expresión, de vocabulario, de comprensión, de esquematización dos contidos e de asimilación da nova materia. Hai que facer constar que se introduciron textos literarios diferentes aos do libro nalgúns ocasións, así como exercicios complementarios sintácticos ou gramaticais como reforzo.

En xeral, en todos os cursos, non se trataron sempre do libro ao longo do curso certos apartados. Propoñíanse no libro moitas actividades que levaban moito tempo que non tiñamos. Fixéronse actividades alternativas máis sinxelas e curtas. Os demais apartados déronse con integridade procurando facer todos os exercicios. Reforzouse o coñecemento dos autores de diferentes movementos literarios con outros textos. Tamén se reforzou o coñecemento da sintaxe para un mellor control dos termos necesarios para a análise de oracións simples. .

En 3º C (PDC) houbo que facer exercicios complementarios na parte de gramática e de ortografía, debido ás dificultades que presentaban os alumnos nestes apartados. Como no ano anterior todos as alumnas necesitaron un especial reforzo con máis actividades adicionais que o resto. Cabe salientar que tamén este ano fixéronse menos exercicios de sintaxe neste curso dado que o ano que vén non teñen que incorporarse ao curso de cuarto con coñecementos similares aos alumnos do curso sin modificacións curriculares. Neste curso tamén se intentou que os alumnos mellorasen a súa expresión oral e escrita.

En 1º de ESO quedaron por ver as categorías gramaticais invariables e o xénero dramático ou teatral. Parte do problema para avanzar foi a perda dunha hora de clase á semana, pasando de 4 horas a 3.

En 2º de ESO quedaron por ver algún complementos do predicado e a clasificación completa da oración simple.

En 3º de ESO non se consegue terminar co temario referido a literatura (viuse só a medieval e a renacentista) facendo fincapé nos textos destes períodos históricos. Asemesmo gramaticalmente reforzar os contidos de sintaxe, posto que sobre todo en 3ª seguen a ter moitas dúbidas na localización das funcións sintácticas e moitos dos alumnos non teñen aínda claras as clases de palabras. A parte literaria necesita tamén máis traballo, posto que teñen moitas dificultades de comprensión nos textos seleccionados para estudar as diferentes etapas. Non logran identificar os rasgos teóricos estudados na práctica e necesitan moita guía.

En 4º de ESO chegouse ao tema 5 en 4ª A e B. Quedan por impartir os seguintes contidos: os tipos de textos e as oracións coordinadas, subordinadas sustantivas, subordinadas adverbiais e subordinadas de relativo, a poesía e a novela durante o franquismo, o teatro durante o franquismo, a poesía en democracia (1975-2015), a narrativa en democracia (1975-2015), o teatro e o ensayo en democracia (1975-2015) e a poesía e a narrativa hispanoamericana.

En Latín quedaron por estudar os verbos a partir do futuro imperfecto de indicativo.

3.- Motivos das modificación feitas ao longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

Todas as modificacións que enumeramos no apartado anterior foron necesarias debido

á complexidade da materia, que abarca moitos aspectos e resulta bastante difícil para os alumnos. Notamos, como en anos anteriores, un esquecemento de contidos que houbo que repasar.

Hai bastante falta de tempo para tratar con profundidade as unidades e os alumnos presentan moitas veces dificultades de aprendizaxe, sobre todo en Comprensión e Expresión escrita e oral, Gramática , Sintaxe e Literatura.

No primeiro ciclo traballouse especificamente as técnicas de resumo e esquematización, así como a expresión e comprensión oral e escrita.

Poderíamos resaltar o caso de 4º de ESO onde a motivación cara á materia non era moi boa. O ritmo de traballo era baixo e costou poñer actividades diferentes ás do libro. Había un grupo importante de alumnos que non seguían a materia en 3º, como xa dixemos, e isto ralentizou o cumprimento da programación. Moitos alumnos non dominaban as clases de palabras e, por tanto era imposible que adquirisen coñecementos de Sintaxe.

Había tamén moitos problemas ortográficos tanto en 3º como en 4º que se intentaron paliar, retrasando o cumprimento da programación.

En 3º de ESO C as dificultades viñeron do feito de que os alumnos presentaban retrasos sobre todo en ortografía e expresión. As demais partes da materia fóronlles tamén difíciles. Había varios ritmos na clase e impartíuse a materia a eses diferentes ritmos cunha corrección personalizada das actividades que permitía o feito de que só foran seis alumnos. Aínda así era difícil impartir a materia a diferentes ritmos.

Creemos que logramos que valorasen a literatura como unha produción cultural importante, aínda que non entendían nunha primeira lectura os textos e houbo que traballalos con calma.

4.- Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos:

1º CICLO	PRIMEIRO			SEGUNDO		
	A	B	C	A	B	C
CUALIFICACIÓN	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS
N.P.	0	0		0	0	0
1	1	0		2	0	0
2	1	0		0	2	0
3	0	0		2	2	1
4	0	0		0	1	0
SUSPENSOS	2 (10,52 %)	0 (0 %)		4(17,39%)	5 (23,80%)	1 (5,55%)
5	3	3		5	5	2
6	4	7		5	4	4

7	5	3		5	4	3
8	2	0		0	0	2
9	0	2		0	1	2
10	3	3		4	2	4
APROBADOS	17 (89,48 %)	18(100%)		19 (82,61 %)	16 (76,2 %)	17 (94,45%)

2º CICLO	TERCEIRO			CUARTO		
	A	B	C	LATÍN	A	B
CUALIFICACIÓN	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNOS
N.P.	0	0	0	0	0	0
1	0	0	0	0	0	0
2	0	0	0	0	0	0
3	3	0	0	0	0	0
4	2	0	0	0	0	0
SUSPENSOS	5(23,80%)	0 (0 %)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0 %)	0 (0%)
5	8	6	2	3	7	6
6	5	4	0	0	2	6
7	1	2	2	2	6	3
8	2	2	1	2	6	4
9	2	2	0	4	1	2
10	0	2	0	0	5	1
APROBADOS	16(76,2%)	16 (100%)	5(100%)	11 (100%)	27 (100%)	22 (100%)

Os resultados, a pesar de todos os problemas, foron bos como se observa nestas táboas. Incluso houbo cursos en que aprobaron o 100% dos alumnos.

5.- Proposta de mellora para a programación didáctica do próximo curso:

Creemos que de momento segue sendo aconsellable traballar, sobre todo, Expresión, Comprensión, Gramática, Ortografía e Vocabulario especificamente no primeiro ciclo de E.S.O., polas dificultades de expresión e pobreza léxica. Pero haberá que traballalo máis que este ano no 2º ciclo, SOBRE TODO en 4º de PDC, un curso onde os alumnos traen grandes carencias.

Seguiremos deixando o traballo da literatura especificamente para o segundo ciclo, tanto nos aspectos teóricos como prácticos. Así mesmo empezaremos como neste ano xa desde o primeiro tema coa Sintaxe en 3º e 4º de ESO e non como en anos anteriores

que se comenzaba cara a metade do curso. Desta forma será posible acadar mellores resultados. Así mesmo parécenos aconsellable seguir facendo exames exclusivos de Sintaxe desde a primeira avaliación para que así os alumnos teñan presente durante todo o curso esta parte da materia na que teñen tantas dificultades.

Haberá que facer fincapé no segundo ciclo na necesidade de facer moitos comentarios de textos literarios. Non chegan os do libro coas actividades guiadas sobre eles. Valorarase máis o traballo individual na casa dos alumnos con respecto a eles.

Creemos que será mellor seguir facendo exames ou traballos (sobre todo estes para traballar con máis profundidade a expresión escrita ou oral dos alumnos) sobre os libros de lectura obrigatorios.

Seguiremos facendo fincapé na competencia dixital EN TODOS OS CURSOS de ESO ao traballar co programa EDIXGAL e ter un libro e exercicios dixitais. Esta dixitalización poderase alcanzar tamén a través das aulas virtuais nas que serán colgados textos, exercicios, vídeos e presentación... para axudar ao desenvolvemento da materia.

6.- Avaliación da práctica docente:

En toda a ESO as profesoras puideron impartir con máis liberdade os contidos grazas a Edixgal.

No segundo ciclo hai que salientar o esforzo que houbo que facer en 4º porque había moitos alumnos con problemas de aprendizaxe e de motivación cara a materia. Houbo que ir moi lentamente e aínda así os resultados foron pasables.

O libro non permitiu traballar sempre os contidos dunha forma clara. A partir del trouxéronse outros materiais fotocopiados á aula e propuxéronse exercicios dixitais ou non específicos para alumnos con problemas. Tamén se traballou a través da aula virtual.

En toda a ESO o traballo baseouse nos libros electrónicos de EDIXGAL, onde especialmente traballamos cos contidos de la plataforma NETEX mais os traballos creados polas profesoras.

Podemos confirmar que a plataforma foi dominada pola maioría do alumnado sendo quen de pendurar, corrixir e rachear actividades nela, o que facilitou o traballo das actividades de aula e a súa corrección.

En 3º de ESO C o ritmo de traballo foi lento debido as dificultades dos alumnos, había bastante interés por parte deles pero pouco se puido avanzar tendo en conta as súas dificultades.

Procuramos facer explicacións claras, curtas e amenas da materia e contestar a todas as preguntas que se lle plantexasen aos alumnos. Tamén pretendíamos que os exames se axustasen aos contidos explicados e os ensinabamos despois de corrixidos.

As ACIS as non as temos todas aprobadas e hai que constatar a falta de tempo para atender aínda mellor a estes alumnos con tantas carencias. Tamén hai falta de medios para estes alumnos especiais. En 1ºA hai dúas ACIS aprobadas e 1 suspensa. En 1º B unha única ACI aprobada .En 2ºA catro ACIS aprobadas. En 2ºB catro ACIS aprobadas e en 2º Ciclo non hai ninguna.

Non todos os alumnos que tiñan reforzo aprobaron. En 1ºA hai catro alumnos con reforzos aprobados e un suspenso. En 1ºB hai seis alumnos con reforzó aprobados. En 2ºA hai catro alumnos con reforzos aprobados e catro suspensos. En 2ºB hai cinco alumnos con reforzo aprobados e cinco suspensos. En 2ºC hai un alumno con reforzo

aprobado e outro suspenso. En 3ºA hai tres alumnos con reforzo suspensos e dous aprobados. En 3ºC hai catro alumnos con reforzo no Ámbito Sociolingüístico aprobados. En 4ºA hai sete alumnos con reforzo aprobados e un en Latín tamén aprobado. E por último en 4ºB hai catro alumnos con reforzo aprobados.

Con respecto a alumnos con materia pendente doutros cursos, en 2º aproba un e suspende outro e en 3º aproban dous.

7.- Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas:

Este ano realizamos dúas saídas para ver dúas obras de teatro en Santiago (El asesinato del profesor de Matemáticas y Lazarillo de Tormes). Esperamos que o curso que vén poidamos volver ao teatro ou ir ás Casas Museo de Camilo José Cela, Valle.Inclán ou Emilia Pardo Bazán.

Acabamos de facer reserva para ir ao teatro no curso que vén.

8.- Principais conclusións:

- A materia presenta contidos moi amplos e difíciles de desenrolar en toda a súa totalidade.
- Necesidade de centrar o traballo no primeiro ciclo en Lingua e no 2º desenvolver con maior profundidade a Literatura.
- Intentar facer máis fincapé en aspectos de ortografía e expresión e comprensión oral e escrita.
- Procurar facer igual de flexible a programación para PDC de forma que admita máis cambios e variables.
- Practicar máis a análise sintáctica antes de 4º de ESO.
- Facer máis comentarios de texto literarios.
- . Practicar a tipoloxía textual durante todo o ano e en todos os niveis.
- Intentar motivar aos alumnos para que entendan o fenómeno literario e sintan un claro gusto hacia el.
- Incrementar os exercicios por ordenador para reforzar a competencia dixital dos alumnos.
- Incorporar máis presentacións e vídeos a través da aula virtual ou Edixgal para as explicacións teóricas e prácticas.
- Facer saídas para ver obras teatrais ou Casas Museo.
- Facer un xornal virtual como o de El país de los estudiantes, se é posible, e que non fixemos este ano.
- A pesar de todos os problemas e novidades, os resultados da avaliación foron bos. Hai poucos suspensos en todos os cursos. Nalgúns incluso conseguíuse que aprobaran todos os alumnos.